

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 18 DE AGOSTO DE 2009.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Jesús Casabella Lage

EXCUSA A SÚA ASISTENCIA:

D. Javier Fernández Basanta

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

SECRETARIO:

D. Luís María Fernández del Olmo

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 10 horas do día dezaioito de agosto de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, e da Interventora, D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 13 DE XULLO DE 2009.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular o borrador da acta plenaria de 13 de xullo de 2009.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, asistentes á sesión,

acorda aproba-lo borrador da acta plenaria devandita.

2º) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO SOLO, SUBSOLO, E VÓ DE VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS, A FAVOR DE EMPRESAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do dictame emitido pola Comisión Especial de Contas, con data 10 de agosto de 2009, que a seguir se transcribe íntegramente:

“Polo Sr. Alcalde dáse conta á Comisión da proposta do epígrafe, salientando os criterios tidos en conta para a determinación da cota tributaria; dunha banda ca aplicación da nova ordenanza non produxera unha minoración dos ingresos municipais sen que a mesma incrementara excesivamente a presión fiscal sobre Alcoa nuns momentos de crise no mercado do aluminio e doutra banda a opción, en aras da estabilidade, polo criterio de cantidade de enerxía subministrada e/ou consumida e non polo criterio de prezo da enerxía subministrada e/ou consumida para determina-la base imponible e liquidable da taxa.

Polo Secretario e maila Interventora Municipais explícanse algúns aspectos técnicos do asunto.

Rematado o debate, a Comisión, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitín Guerreiro e Pernas Rodríguez, acordan dictaminar favorablemente a aprobación da ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa por ocupación do solo, subsolo e vó de vías públicas municipais, a favor de empresas de servizos de subministración de enerxía eléctrica, nos termos reflectidos na proposta de Alcaldía, por parte do Pleno Corporativo.

Os Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, abstéñense manifestando que se pronunciarán no Pleno. ”

Aberto o debate, polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o Grupo Municipal de AVEXO vai votar a favor da aprobación da proposta de Alcaldía por considerala axeitada e razoable.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o BNG considera que non están suficientemente claras ás razóns polas que o Concello non aplica unha taxa máis alta, deixando de percibir uns ingresos necesarios para o desenvolvemento das actividades e inversións municipais.

Polo Sr. Alcalde aclárase que no ano 2009, o Concello ingresará 200.000€ máis, o que supón unha suba de case o 30% respecto do ano anterior, reiterando o manifestado na sesión da Comisión Especial de Contas do pasado día 10, de que non tiña sentido aplicar unha taxa desproporcionada, que dunha banda en nada axudaría a superar á delicada situación na que se atopa a empresa que constitúe o motor máis importante da economía de toda a Mariña, e doutra banda abocaría sen dúbida ningunha a entrar nun preito en vía contenciosa sen que exista garantía ningunha de que ó Concello puidera ganalo, tal e como ten sucedido noutros casos similares.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que o Concello está a perder unha ocasión inmejorable para defende-los intereses dos veciños, engadindo que este sería o momento apropiado para que se solucionara de forma definitiva as reclamacións presentadas polos veciños, reclamando indemnizacións polos efectos contaminantes da empresa.

Polo Sr. Alcalde manifestase que non considera posible e mesmo legal utiliza-la determinación da contía dunha taxa para solucionar outros temas totalmente independentes.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que vai apoiar a proposta da Alcaldía, pero considera que o Concello debería aproveitar estas ocasións para intentar desatascar ou solucionar problemas que levan pendentes de solución moitos anos, como é o caso da contaminación, tal e como acaba de manifestar o Sr. Fernández Bouza.

Rematado o debate, a Corporación, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Frá e Casabella Lage, e co voto en contra do Sr. Fernández Bouza, acorda aproba-lo dictame anteriormente transcrito, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal Municipal Reguladora da Taxa por Ocupación do Solo, Subsolo e vó de vías públicas municipais, a favor de empresas de servizos de subministración de enerxía eléctrica, nos termos reflectidos na proposta de Alcaldía do epígrafe, e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a insertar no Boletín Oficial da Provincia, e no Taboleiro Municipal de Anuncios, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de reclamacións ou alegacións durante o trámite de información pública, suporá a elevación a definitivo do presente acordo de aprobación inicial.

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Coa autorización da presidencia, polo Sr. Fernández Bouza procédese á lectura e explicación dos aspectos máis salientables da moción do epígrafe, que a seguir se transcribe íntegramente:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

MOCIÓN SOBRE A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO

Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As nais e os pais do alumnado levan décadas loitando por unha mesma causa: que os libros de texto escolares sexan gratuítos para as familias con fillos e fillas matriculados en colexios públicos e concertados. Se como di a Constitución española no seu artigo 27.4 o "ensino básico é obrigatorio e gratuíto", os manuais de texto que o alumnado necesita para seguir o curso tamén deberían selo. Tal e como está configurado o sistema educativo, o libro é aínda un elemento imprescindible que as familias están obrigadas a adquirir cada comezo de curso. En realidade, ao esixir este esforzo económico non se cumpre co precepto constitucional, nin se garante a igualdade de oportunidades de todos e todas á educación.

Por Orde de 6 de xuño de 2003 (Diario Oficial de Galiza do 12 de xuño), convocouse o programa de gratuidade de libros de texto nos centros de ensino sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos, e establecéronse as súas normas de organización e funcionamento como un servizo fundamental á sociedade por parte dos poderes públicos, como servizo de préstamos que favorece a igualdade de oportunidades entre o alumnado e inculca valores de solidariedade, conservación do material para a súa reutilización por outras persoas e coíddo do ben colectivo.

No curso 2009-2010 dáse un paso atrás, cunha obsesión da actual Consellaría de Educación de desmantelar os logros conseguidos en etapas anteriores argumentando que non adoptara aínda medidas concretas sobre o programa impulsado polo goberno anterior con presenza do BNG.

Rexeitamos que unha das primeiras medidas que pon en marcha o goberno do PP sexa a de apoiar os recortes sociais. Desde o BNG, queremos lembrar, que a día de hoxe hai en Galiza 82.000 familias agardando que a Consellaría de Educación defina a súa política en materia educativa, porque aínda non saben que vai pasar cos libros de texto no vindeiro curso académico e qué vai pasar co programa de gratuidade dos libros de texto.

Consideramos inaceptábel a supresión da gratuidade universal dos libros de texto, anunciada polo conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, na sesión do Consello Escolar de Galiza do 18 de xuño, admitidas tamén polo presidente da Xunta de Galiza. Esta proposta de recorte, xunto con outras que a Consellaría de Educación está levando adiante nestes primeiros meses do seu mandato, supón unha medida regresiva que atenta ao carácter público e gratuíto do ensino, e evidencia unha vez máis a política negligente que este goberno está a levar a cabo.

Esta medida non pode ser a resposta do Goberno aos problemas económicos na actual situación, tal e como argumentou o conselleiro. De feito, nun contexto económico precario, o Goberno debe manter a gratuidade dos libros de texto para favorecer a economía das familias, e non usar a crise como pretexto para artellar discrecionalmente calquera tipo de política, mesmo aquelas que supoñen un ataque frontal ás garantías fundamentais polas que o Goberno debe velar. Esta política supón un paso atrás no plano educativo e social.

A tres meses da toma de posesión non sabe qué política educativa vai empregar, finalizando o curso cun total desconcerto e desconfianza por parte das familias.

É curiosa a maneira de entender a responsabilidade deste novo goberno que, por unha banda, realiza unha absurda enquisa ás nais e aos pais sobre a lingua na que queren os contidos dos

libros de texto e, pola outra, toma despoticamente a decisión de eliminar a gratuidade dos mesmos.

Finalmente, debemos recordar que o sistema creado polo anterior goberno da Xunta de Galiza introducía a solidariedade de compartir os libros, e que existen 82.000 familias agardando unha decisión.

Por todo isto, o BNG propónlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico."

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde maniféstase que a moción transcrita e as explicacións dadas polo Sr. Fernández Bouza son totalmente contradictorias, xa que dunha banda é difícil de entender como con máis inversión se reduce a cobertura, e doutra banda, tampoco é de recibo a oposición a unha medida que ten como fundamento que as axudas vaian dirixidas ás familias con menos recursos económicos, evitando subvencionar con carácter xeral, a tódalas familias, xa que sería absurdo que con cartos públicos se subvencionara a compra de libros e material escolar a familias que polos seus altísimos niveis de renda, en ningún caso podería xustificarse tales axudas.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que os aforros que se obteñan con esta nova regulación, van ser destinado á mellora das instalacións escolares de titularidade pública.

Polo Sr. Pernas Rodríguez maniféstase que o Grupo Municipal de AVEXO vai votar a favor da aprobación da moción por considerar que as inversións en materia de educación son fundamentais, e que por principio, o seu Grupo oponse a calquera medida de restricción ou redución de inversións na materia.

Polo Sr. Ben Fernández maniféstase que polas mesmas razóns o seu Grupo vai votar favorablemente.

Polo Sr. Fernández Bouza maniféstase que a pesar da defensa da postura do goberno do Partido Popular feita polo Sr. Alcalde, a dura realidade é que preto do 75% das familias que neste exercicio recibiron axudas para a compra de libros e material escolar, van quedar sen ela para o vindeiro curso.

Rematado o debate, a Corporación, cos votos favorables dos Sres. Fernández Bouza, Ben Fernández, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, e Casabella Lage, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

Os Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, e Meitin Guerreiro, votan en contra da aprobación da moción, e o Sr. Balseiro Canoura abstense.

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN APOIO DO SECTOR LÁCTEO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Coa autorización da presidencia, polo Sr. Fernández Bouza procédese á lectura e explicación dos aspectos máis salientables da moción do epígrafe, que a seguir se transcribe íntegramente:

"Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

MOCIÓN SOBRE O SECTOR LÁCTEO

O sector agrario galego segue a ser un eixe de vital importancia na economía galega. Unha das características senlleiras é a súa marcada especialización gandeira, xa que as producións gandeiras achegan o 62 % do valor da produción da rama agraria, e dentro delas, sen lugar a dúbidas, é a produción láctea a que ten un maior peso, ao representar arredor dun 28% do conxunto da produción agraria galega.

Así mesmo, tamén é moi relevante a súa contribución fundamental desde o punto de vista territorial, onde destaca a superficie de prados naturais, de pasteiros e de monte onde se practica o pastoreo, que constitúen o eixe da paisaxe agraria da maior parte do territorio.

A actividade económica dunha parte importante do territorio galego pivota arredor da produción agraria e, o sector agrario e as actividades económicas vinculadas a el son a principal fonte de emprego.

A evolución da produción láctea en Galiza ao longo das campañas que van desde 2005 a 2008, demostra a vocación de permanencia das explotacións lácteas galegas, pasando a significar o leite das explotacións galegas o 38 % das entregas á industria do Estado español, fronte ao 35 % que significaba a comezos de 2006. As explotacións lácteas galegas son, neste intre e sen dúbida algunha, o principal referente da produción láctea no Estado Español, non só polo seu peso, senón tamén pola dinámica de crecemento da produción en Galiza nun contexto como o que caracteriza ao sector no resto do Estado de estancamento ou redución das entregas de leite.

Malia a favorábel tendencia amosada nestes últimos tres anos no sector lácteo galego, a recente modificación da regulación comunitaria do sector lácteo, co horizonte da liberalización da produción de leite en 2015 precedido dun incremento lineal de cota a todos os Estados produtores da Unión Europea, incluídos os excedentarios, vén de sementar incerteza no sector, así como un drástico recorte de prezos percibidos polos gandeiros e gandeiras, pondo ao límite a supervivencia da moitas explotacións leiteiras de moitos concellos galegos.

Perante esta situación, cómpre unha posición institucional inequívoca de apoio ao sector; urxindo que as Administracións competentes adopten as medidas necesarias para garantir a estabilidade e o futuro do sector lácteo galego, e con iso asegurar un medio rural vivo na Galiza.

Por isto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao goberno español a renegociar a actual asignación de cotas entre os distintos Estados membros da UE, de xeito que o aumento da cota se dirixa unicamente a aqueles Estados que teñen unha cota moi inferior ao seu consumo interno e nos que existen segmentos importantes de explotacións, como é o caso de Galiza, que necesitan máis cota para ser viábeis.

Instar ao Goberno español a propoñer na UE unha actuación decidida e concreta, para regular os mercados e garantir prezos aos produtores de leite, de xeito que se garanta a viabilidade do sector; do mesmo xeito que se actúa con outros sectores económicos.

Instar ao Goberno do Estado e á xunta de Galiza a coordinar as actuacións necesarias para:

Garantir a recollida de todo o leite producido na Galiza.

Establecer axudas directas aos produtores de leite, para compensar o baixo prezo do leite en orixe -actualmente por debaixo do prezo de custo- en tanto non se recuperen os prezos de mercado.

Garantir a continuidade da industria transformadora existente na Galiza, e en concreto, da planta de Pascual na provincia de Lugo.

Comunicar este Acordo Plenario ao presidente do Goberno do Estado, ao Presidente da Xunta de Galiza, aos Grupos Parlamentarios do PP, do PSOE e do BNG, no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados. ”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción, por considerar que o sector lácteo é un sector estratéxico para a economía galega, que merece o apoio unánime de tódolos partidos políticos.

Polo Sr. Pernas Rodríguez e polo Sr. Ben Fernández, manifestase que o seu respectivos grupos tamén van a votar a favor da aprobación da moción.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

5º DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2010.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito remitido pola Consellería de Traballo e Benestar no que se interesa a determinación e posterior determinación por parte do Concello dos 2 días que se fixen como festas locais en todo o termo municipal de Xove, os efectos da confección do Calendario laboral para o ano 2010.

Enterada, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda:

1º) fixar como festas locais en todo o termo municipal de Xove, no ano 2010 as seguintes datas:

§ 16 de febreiro de 2010 (Martes de Antroido)

§ 30 de agosto de 2010 (Festa Patronal de San Bartolo)

2º) A remisión do presente acordo ó Departamento Territorial en Lugo da Consellería de Traballo e Benestar.

6º.-REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe, relativa ó regulamento do epígrafe, que a seguir se transcribe íntegramente:

“REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA.

PREAMBULO

O Concello de Xove, coa inequívoca vocación de prestar máis e mellores servizos aos cidadáns, na medida das súas posibilidades, crea oficialmente a Escola Municipal de Música, satisfacendo así a demanda deste servizo e incentivando o seu uso.

Os principios que deben presidir este empeño son a flexibilidade pedagóxica e a diversidade instrumental co fin de lograr o fomento de agrupacións musicais e a calidade do ensino.

Deste xeito, a prestación do servizo de Escola Municipal de Música queda expresamente asumida polo Concello de Xove como propia do mesmo ao abeiro do apartado primeiro do artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, polo que se establece que o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na súa D.A. 15ª.5 dispón que “As administracións educativas poderán establecer convenios de colaboración coas corporacións locais para as ensinanzas artísticas. Ditos convenios poderán contemplar unha colaboración específica en escolas de ensinanzas artísticas con estudos que non conduzan á obtención de títulos con validez académica”. Deste xeito, estímase necesario dotar a dita escola dun marco normativo que regule a súa organización e funcionamento, o que se leva a cabo mediante o presente Regulamento:

TITULO PRELIMINAR

A Escola Municipal de Música terá como finalidade xeral ofrecer unha formación práctica en música dirixida a afeccionados de calquera idade, sen prexuízo da súa función de orientación a estudos profesionais de quen demostre unha especial vocación e aptitude.

Os estudos cursados na Escola Municipal de Música non conducirán á expedición de títulos con validez académica ou profesional.

A Escola Municipal de Música terá como obxectivos os seguintes:

- § *a.- Fomentar desde a infancia o coñecemento e apreciación da música, iniciando aos nenos desde os primeiros anos, na súa aprendizaxe*
- § *b.- Desenvolver unha ensinanza instrumental orientada tanto á práctica individual como á práctica de conxunto.*
- § *c.- Proporcionar unha ensinanza musical complementaria á práctica instrumental*
- § *d.- Fomentar nos alumnos o interese pola participación en agrupacións vocais e instrumentais.*
- § *e.- Organizar actuacións públicas e participar en actividades musicais de carácter afeccionado.*
- § *f.- Desenvolver unha oferta diversificada de educación musical, sen límite de idade.*

O presente Regulamento sométese ao disposto na Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación; Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación; Real Decreto 389/1992, de 15 de abril, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas artísticas; Orde de 30 de xullo de 1992, do Ministerio de Educación e Ciencia, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza, e pola Orde 11 de marzo de 1993 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

TITULO I. DISPOSICIONS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto do Regulamento.-

Constitúe o obxecto do presente Regulamento regular a organización e funcionamento da Escola Municipal de Música de Xove, co gallo de acadar os obxectivos e finalidades a que se refire o Título Preliminar e, en concreto, crear e asegurar na práctica un ambiente de traballo adecuado baseado nunha cuidada organización das actividades mediante un orde, entendido como medio de facilitar a tarefa educativa e creación de hábitos de convivencia, cooperación, confianza e unha vivencia profunda e proveitosa do fenómeno musical.

O ingreso na Escola Municipal de Música supón a aceptación deste Regulamento de réxime interno.

TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA.

Capítulo 1.- Organización das ensinanzas

Artigo 2.- Música e movemento

Este ámbito formativo está dirixido exclusivamente a alumnos de idades comprendidas entre os 4 e os 6 anos, co fin de atender, con tratamento pedagóxico específico, o descubrimento e desenvolvemento das capacidades expresivas, musicais e motrices que permitan posteriormente a elección de un instrumento e unha práctica gozosa e convincente de ambas actividades artísticas.

O ensino integrado de música e movemento realizarase en grupo e deberá organizarse en tres niveis de 1 curso de duración cada un.

Os alumnos con coñecementos musicais deberán realizar unha proba ante un Tribunal designado polo Claustro de Profesores para poder ubicalos no curso que lles corresponda.

Artigo 3.- Orientación ao Instrumento e Práctica Instrumental

De acordo cos obxectivos xerais da Escola Municipal de Música, o ensino de un instrumento deberá motivar e desenvolver a afección pola música como fenómeno artístico e medio de comunicación persoal así como ocuparse dos procesos que permitan o estímulo e desenvolvemento conxunto das destrezas técnicas e das capacidades expresivas necesarias para o cultivo da práctica interpretativa individual e en grupo.

Divídese en dous niveis:

-Básico: dirixido a alumnos entre 7 e 13 anos, con tres ciclos:

§ *-1º Ciclo: 1.1, 1.2 e 1.3*

§ *-2º Ciclo: 2.1. e 2.2*

§ *-3º Ciclo: 3.1. e 3.2*

§ *-Avanzado: dirixido a alumnos a partir de 14 anos de idade: 4.1, 4.2, 4.3 e 4.4*

Artigo 4.- Formación musical complementaria á práctica instrumental

Este ámbito ofrecerá aos alumnos maiores de 7 anos un ensino que permita profundizar no coñecemento da linguaxe e teoría musical e no desenvolvemento da educación auditiva ofrecendo unha aprendizaxe de solfeo necesario para o estudo do instrumento, desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, auditivas e expresivas e uso correcto da voz e o seu aspecto comunicativo a través do canto.

Artigo 5.- Especialidades ofertadas

Ofertaranse as especialidades propias da orquestra clásica: Corda friccionada, vento madeira e vento metal.

Os criterios para agrupar aos alumnos na calse de instrumento serán fixados polo centro, manexando entre outros a similitude de idades e coñecementos.

Capítulo 2.- Dirección da Escola Municipal de Música

Artigo 6.- Director e competencias

A dirección da Escola de Música Municipal estará a cargo da persoa que en cada momento designe o Concello de Xove.

O director terá as seguintes competencias:

- 1.- Representar academicamente á Escola Municipal de Música*
- 2.- Cumprir e facer cumprir as leis e demais disposicións vixentes*
- 3.- Exercer o control de todo o persoal adscrito ao centro*
- 4.- Dirixir e coordinar todas as actividades pedagóxicas e administrativas da escola, sen prexuízo dos restantes órganos superiores de goberno.*
- 5.- Xestionar os medios materiais da Escola*
- 6.- propoñer os gastos de acordo co orzamento da Escola e de conformidade cos restantes órganos superiores de goberno.*
- 7.- Atender en primeira instancia os problemas de carácter académico e de funcionamento ordinario do centro, solucionando aqueles que lle sexan posible e elevando o resto a outros órganos competentes*
- 8.- Promover e impulsar as relacións da escola coas institucións do seu entorno e facilitar a adecuada coordinación cos outros servizos formativos da zona.*
- 9.- Elevar ás autoridades competentes unha memoria anual sobre as actividades e situación xeral da escola, así como facilitar a información que sexa requirida polas mesmas sobre calquera aspecto referente á Escola Municipal de Música.*
- 10.- Aqueloutras que lle sexan asignadas por outros órganos competentes.*

Capítulo 3.- Xefatura de Estudos

Artigo 7.- Xefe de estudos e secretario e as súas competencias

O xefe de estudos será un docente que actuará como Secretario para levantar acta das reunións do Centro convocadas polo Director ou a instancias dos profesores ou do Departamento Municipal de Educación. As súas funcións serán:

- 1.- Coordinar e velar pola correcta execución das actividades de carácter académico, de profesores e alumnos en relación coa programación xeral do centro*
- 2.- Coordinar a acción tutelar de orientación dos alumnos establecendo horarios específicos de titorías e atención de pais e alumnos.*

3.- Fomentar a participación dos alumnos en todas aquelas actividades que sexan propias da Escola así como en aquelas que sexan de programación propia da Área de Cultura e que polo seu interese complementen o proxecto da Escola

1.- Ter actualizado o inventario do Centro de acordo coas instrucións recibidas ao respecto

2.- Elaborar seguindo as directrices do Director cantos documentos e publicacións deban ser expostos no Taboleiro de Anuncios ou entregadas ao Departamento Municipal de Educación

3.- Atender os problemas e peticións de profesores e alumnos

4.- Colaboración na organización de actividades e difusión musical organizadas pola Concellería de Cultura.

5.- Participar xunto coa Dirección na elaboración de tódolos proxectos relativos á Escola e todos aqueles para os que sexa requirido.

6.- Velar polo bo uso do material da Escola en tódolos seus aspectos

Capítulo 4.- Departamento Municipal de Educación

Artigo 8.- Competencias en relación coa Escola Municipal de Música

O Departamento Municipal de Educación, dentro da Concellería de Cultura terá as seguintes funcións:

-Emitir informes de xestión relativos ao cumprimento das condicións técnicas que se teñen que prestar na Escola e autorizar o seu desenvolvemento e dado seu carácter municipal, autorizar todo tipo de obra de reparación ou mantemento do centro.

-Coordinar, supervisar e controlar o desenvolvemento correcto da xestión da Escola

-Solicitar informes e memorias á Dirección da Escola cando se lle requira

-Ostentar a representación municipal no Consello Escolar da Escola de Música.

-Coordinar e controlar o uso das instalacións da Escola cando neslas se desexe realizar algunha actividade non contemplada no Proxecto Educativo do Centro.

Capítulo 5.- Consello Escolar

Artigo 9.- Configuración do Consello Escolar

O Consello Escolar estará composto polo Director da Escola así como tódolos profesores do Centro, un ou dous representantes dos pais/nais dos alumnos diferentes dos anteriores e un representante do Departamento Municipal de Educación ou da Concellería de Cultura.

O Consello Escolar reunirase como mínimo unha vez por trimestre e entre outros cometidos deberá avaliar as propostas de baixa efectuadas polos profesores ou polo Xefe de Estudos relativas a aqueles alumnos por faltas de asistencia ás clases, disciplina ou incumprimento de calqueira outro deber dos establecidos no artigo 14 do presente Regulamento.

TITULO III. DOS RECURSOS HUMANOS

Capítulo 1.- Do profesorado

Artigo 10.- Titulación dos profesores

O profesorado da Escola Municipal de Música de Xove deberá posuír como mínimo a titulación correspondente ao grao medio de música.

Artigo 11.- Os profesores e os seus deberes

Os profesores teñen garantida a liberdade de cátedra e o seu exercicio orientarase á realización dos fins educativos, cooperando coa Dirección do centro no cumprimento da normativa vixente en materia de ensinanza.

Serán os responsables da educación musical dos alumnos e procurarán inculcar neles conductas de respecto hacia os compañeiros e as instalacións e mobiliario do centro.

O profesorado da Escola Municipal de Música de Xove terá os seguintes deberes:

-Informar á dirección de todas aquelas incidencias que se produzan e formular as propostas que poidan conducir a melloras tanto organizativas coma docentes.

-Informar aos pais, nais ou tutores do desenvolvemento educativo dos seus fillos e fillas no centro mediante os cauces que se establezan.

-Dar conta á dirección aos efectos da elaboración da memoria anual das incidencias e todo o que consideren relevante durante o ano de impartición da súa clase.

-Recuperar, sen alterar o normal funcionamento do centro, aquelas clases que fose necesario cambiar por motivos persoais do profesor.

-Extremar o cumprimento das normas éticas que esixe a súa función educativa

-Asegurar de xeito permanente o seu propio perfeccionamento musical, técnico e pedagóxico.

Capítulo 2.- Do alumnado

Artigo 12.- Requisitos dos alumnos.-

Poderá formar parte da Escola Municipal de Música calquera persoa maior de catro anos e sen límite de idade máxima, garantíndose así a posibilidade de desenvolvemento persoal e social mediante a educación musical. No caso de que debido á demanda do servizo existise límite de prazas, darase preferencia para a inscrición como alumno da Escola aos veciños empadroados no Concello de Xove.

Artigo 13.- Dereitos do alumno

Os alumnos da Escola de Música Municipal teñen o dereito a recibir a formación establecida para este tipo de centros así como a debida orientación nas materias propias da Escola.

Do mesmo xeito, os alumnos poderán formular suxestións e reclamacións en relación con calquera aspecto de funcionamento do centro, por mediación do profesor ou ben dirixíndose directamente ao Director.

O alumno terá dereito a que se lle respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal.

Artigo 14.- Deberes do alumno

O estudo constitúe un deber básico dos alumnos e concrétese nas seguintes obrigas:

- 1.- Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe así como adoptar unha conducta respectuosa para con eles e cos demais compañeiros*
- 2.- Respectar o mobiliario e as instalacións do local municipal donde se imparten as clases*
- 3.- Aboar os prezos ou tributos establecidos, de ser o caso.*
- 4.- Asistir á clase con puntualidade. No caso de alumnos menores, os pais deberán levar e recoller aos seus fillos coa maior puntualidade, posto que o centro non se fai responsable dos alumnos fóra do seu horario lectivo. O profesor correspondente ou o Xefe de Estudos, no caso de faltas de asistencia reiteradas ou indisciplina ou incumprimento de calquera outro deber do alumno, elevarán ao Consello Escolar as propostas de baixa como alumno da Escola Municipal de Música.*
- 5.- Xustificar e, se fose posible, advertir de antemán ao profesor as faltas de asistencia a clase, que non serán recuperables.*
- 6.- Participar naquelas actividades programadas pola Escola cando así llo requira o profesor ou o director.*

A asistencia a concertos e audicións organizados pola Escola é obrigatoria, tanto para aqueles alumnos que deben participar como para aqueloutros que designe o profesor ou director. Neste casos, a clase non será recuperable posto que se considera igualmente pedagóxico a asistencia ao concerto ou audición, xa que forma parte do proceso educativo.

O profesor correspondente ou, no seu caso, o Xefe de Estudos, elevarán, segundo o incumprimento de que se trate, ao Consello Escolar as propostas de sanción ou baixa na Escola daqueles alumnos que non acaten os deberes establecidos no presente artigo.

TITULO IV.- DOS RECURSOS MATERIAIS

Artigo 15.- Das instalacións da Escola e da súa ubicación

A Escola de Música Municipal terá como domicilio o local municipal sito no Colexio de Palmeiro, 27879, A Rigueira, Xove, e conta coa superficie, instalacións e equipamento adecuado ás materias que se van impartir e ó número de alumnos que participan nelas.

TITULO V.- FUNCIONAMENTO E RÉXIME INTERIOR

Capítulo 1.- Servizos da Escola Municipal de Música

Artigo 16.- Atención ao público e a alumnos da Escola

O horario de atención ao público exporase no tablón de anuncios do Centro e da Casa do Concello ao comezo de cada curso.

Igualmente deberán fixarse os días e horas de atención por parte do Director e Profesores aos alumnos da Escola así como a seus pais, nais ou titores.

Capítulo 2.- Matriculación e baixas

Artigo 17.- Admisión de alumnos

A Escola Municipal de Música ofertará un número de prazas acorde co Orzamento desta, cos espazos lectivos dispoñibles e co número de docentes e cursos/niveis das especialidades. En ningún caso se permitirá a asistencia ás clases da Escola Municipal de Música a persoas non

matriculadas e admitidas como alumnos sendo persoalmente responsable do cumprimento desta obriga o Director da Escola.

Poderá solicitar o ingreso na escola Municipal de Música de Xove calquera persoa con 4 anos cumpridos ou a cumprir dentro do ano natural do curso.

Se o volume de solicitudes de matriculación desbordase as previsións, atenderase as mesmas en rigoroso orde de presentación no Rexistro de Entrada do Concello, de acordo co disposto no artigo seguinte, sen prexuízo do establecido no artigo 12 do presente Regulamento, quedando o resto en lista de espera para cubrir posibles baixas.

Artigo 18.- Formalización da matrícula

A matrícula deberá formalizarse nos modelos normalizados que a tal efecto facilitará o Concello, e aboar de ser o caso, o correspondente prezo ou taxa. A estes efectos, o importe de dito prezo ou taxa será o que en cada momento teña aprobado o Concello no correspondente Acordo Regulador ou Ordenanza. Dito importe permanecerá inalterable durante todo o curso.

A data de matriculación abarcará todo o mes de agosto, aínda que por razóns organizativas o Concello poderá variar ou ampliar dito prazo, dando a máxima publicidade polos medios habituais, do seguinte xeito:

-De 1 a 15 agosto procederase ás matrículas dos alumnos que xa cursaron o curso escolar inmediatamente anterior tanto algún instrumento coma os de "Música e Movemento". A estes efectos a Escola asegurará praza para estes alumnos orientándoos cara as especialidades que se oferten. Teranse en conta igualmente as solicitudes de cambio de instrumento en función das especialidades ofertadas, e despois de confirmaren a súa praza os alumnos que renoven no mesmo instrumento.

-De 16 a 31 de agosto procederase ás matrículas de novos alumnos.

No caso de existir taxa ou prezo público, non se formalizará a matrícula daqueles alumnos que teñan pagos pendentes correspondentes a outros exercicios.

Artigo 19.- Baixas na Escola

Aos efectos de ter en todo momento coñecemento do alumnado da Escola, o Concello proporcionará igualmente un modelo de solicitude de baixa voluntaria na mesma para o caso de baixas que se produzan durante o curso. As baixas que se produzan ben deste xeito ou acordadas polo Consello Escolar de acordo co disposto no apartado 4 do artigo 14 cubriranse acudindo á lista de reserva de alumnos por rigoroso orde de inscrición no Rexistro Municipal.

Capítulo 3.- Calendario escolar

Artigo 20.- Duración e horarios.-

A duración da actividade da escola abrangue todo o curso escolar. O horario lectivo establecerase en función do número de alumnos matriculados, tendo en conta a súa idade e especialidade instrumental.

Dito horario poderá ser variado de xeito provisional ou definitivo dándose debido coñecemento antes do comezo de curso que corresponda a través do taboleiro de anuncios do Concello así como no do propio Centro.

O horario do centro terase en conta na programación xeral anual, quedando a xuízo da Escola programar actividades voluntarias fóra do calendario previsto, se así o aproba a Concellería de Cultura do Concello.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no B.O.P., debendo ademais transcurri-lo prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, para impugnación do acordo pola Administración da Comunidade Autónoma e do Estado.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que o obxectivo da creación formal da Escola Municipal de Música, cuio primeiro paso é a aprobación do seu Regulamento de Organización e Funcionamento, é dunha banda, integrar dita escola na Rede de Escolas Autonómicas de Música, para ter a posibilidade de solicitar e obter axudas e subvencións e doutra banda, e fundamentalmente poñer un mínimo de orden nunha actividade que ata a data viña tendo un funcionamento totalmente irregular.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu Grupo vai apoiar a proposta.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase igualmente o seu apoio.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que espera a creación conforme á Lei da Escola Municipal de Música de Xove sirva para consolidar a potencia-las actividades musicais no noso Concello que se veñen desenvolvendo dende hai moitos anos, e constitúen un dos sinais de identidade mais apreciados dentro e fora do noso Concello, non só no que se refire á actividade da Escola, senón que tamén o labor de consolidación e potenciación debe extenderse á Orquestra de Xove.

Rematado o debate, a Corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á Sesión acorda aprobar inicialmente o Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Municipal de Música, nos termos reflectidos na proposta de Alcaldía do epígrafe, e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a insertar no Boletín Oficial da Provincia, e no Taboleiro Municipal de Anuncios, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de reclamacións ou alegacións durante o trámite de información pública, suporá a elevación a definitivo do presente acordo de aprobación inicial.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que o obxectivo da creación formal da Escola Municipal de Música, cuio primeiro paso é a aprobación do seu Regulamento de Organización e Funcionamento; é dunha banda integrar dita escola na Rede de Escolas Autonómicas de Música para ter a posibilidade de solicitar e obter axudas e subvencións; e doutra banda co obxectivo de poñer un mínimo de orden nunha actividade que ata a data viña tendo un funcionamento totalmente irregular.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu Grupo vai apoiar a proposta.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase igualmente o seu apoio.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que espera a creación conforme á Lei da Escola Municipal de Música de Xove sirva para consolidar e potencia-las actividades musicais no noso Concello que se veñen desenvolvendo dende hai moitos anos, e constitúen un dos sinais de identidade mais apreciados dentro e fora do noso Concello, non só no que se refire á actividade da Escola, senón que tamén o labor de consolidación e potenciación debe estenderse á Orquestra de Xove.

Rematado o debate; a Corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á Sesión acorda aprobar inicialmente o Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Municipal de

Música nos termos reflectidos na proposta de Alcaldía do epígrafe; e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a insertar no Boletín Oficial da Provincia, e no Taboleiro Municipal de Anuncios, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de reclamacións ou alegacións durante o trámite de información pública, suporá a elevación a definitivo do presente acordo de aprobación inicial.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as once horas e dez minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo